

# 12 visitas imprescindibles en BEGONTE

1

## Belén Electrónico de Begonte

Cada ano, ao redor de 40.000 persoas de todas as idades visitan este Belén animado electronicamente.



2

## Casa-Museo Víctor Corral


Escultor de referencia inpludible na historia da arte de Galicia, en Baamonde abre ao mundo a súa Casa-Museo.



3

## Virxe dos Milagres

Santuário de Nosa Señora dos Milagres na parroquia de Saavedra, ao que cada 24 de maio, na festividade da Virxe dos Milagres, acoden devotos de moitos municipios da provincia de Lugo e Galicia.



4

## Castiñeiro Milenario


En Baamonde, xunto a unha pequena ermida románica do s.XIII, atópase este enorme castiñeiro, onde o escultor Víctor Corral esculpiu no seu oco interior un altaílo a Virxe do Rosario, patrona de Baamonde.



5

## Calvario do atrio de Baamonde


Conxunto de tres cruceiros de granito do s.XVIII xunto á Igrexa de Santiago de Baamonde (s.IX).



6

## Lagoas de Riocaldo

Entre as parroquias de Begonte e Pacios, contan cun microclima específico e unha abundante e notable flora e fauna acuática entre a que se atopan diversas especies de enorme interese.



7

## O Pozo do Olló

En O Castro, lagoa de 45m de diámetro e 38m de profundidade, rodeada completamente por bosques clímaticos e alberga unha heteroxénea flora e fauna acuática.



8

## Capela de San Vitorio

En Dami, ermida con adro sostido por dous piarezs de granito



9


## Capela de Ximarás

En Cerdeiras, capela do s.XI adicada á Virxe do Rosario e que podería formar parte dunha estrutura máis ampla vinculada aos Templarios.

10

## A Pena dos Mouros

En Donalba, conxunto formado por tres enormes piarezs de seis metros de alto sobre o que asenta unha pedra en forma de cráneo de can.



11

## Clube Fluvial de Begonte

Espazo de ocio situado en Begonte, á beira do río Ledra, que leva máis de medio século sendo un referente para a veciñanza.



12

## CERCUD de Baamonde

Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde, con praia fluvial e área recreativa ás beiras do río Parga.

